

**ADMINISTRACIÓN LOCAL****PROVINCIAL****DEPUTACIÓN PROVINCIAL****Subvencións**

*BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS A NIVEL INDIVIDUAL PARA A REALIZACIÓN DE COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2015.*

A Xunta de Goberno desta Deputación Provincial, na súa sesión ordinaria do día 27 de marzo de 2015, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

*BASES PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS A NIVEL INDIVIDUAL PARA A REALIZACIÓN DE COMPETICIÓNS DEPORTIVAS FEDERADAS CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2015*

**OBXECTO**

- Esta convocatoria ten como obxectivo regular o réxime de concesión de axudas destinadas a clubs deportivos e deportistas individuais radicados na provincia de Pontevedra, para financiar as seguintes accións:
  - Participación en competicións deportivas de ámbito estatal que esixan viaxar fóra da comunidade autónoma
  - Competición internacional a nivel europeo
  - Competición internacional a nivel mundial

Valoraranse unicamente as competicións de carácter oficial.

- A concesión das subvencións estará suxeita á dispoñibilidade orzamentaria para o período comprendido entre o 1 de xaneiro e o 31 de decembro de 2015. Convocarase con cargo ó orzamento da Deputación para o ano 2015 a subvención que a continuación se detalla:

Materia	Programa	Importe	Aplicación
Deportes	R/15 Actividades extraordinarias	300.000,00 €	15/340.341.489.24



- O orzamento de trescentos mil (300.000,00) euros queda distribuído da seguinte maneira:
  - Deportistas individuais: 200.000,00 €
  - Clubs deportivos: 100.000,00 €
- Quedan excluídos desta convocatoria, e polo tanto non serán obxecto de subvención, as seguintes actividades e investimentos:
  - As actividades ou investimentos subvencionados, no mesmo exercicio, a través doutras convocatorias de subvencións da Deputación.
  - Os gastos de funcionamento das entidades, os gastos correntes, os gastos de persoal da entidade e as actividades xerais que se realizan ó longo de todo o ano.
  - Os gastos de manutención, agás cando garden relación directa coa actividade e sexan necesarios para o seu desenvolvemento. Estes gastos tamén serán subvencionables para o acompañante do deportista cando este sexa menor de idade.
  - Calquera tipo de material deportivo.

### BENEFICIARIOS

Concederanse subvencións en dous ámbitos diferentes: a clubs deportivos e a deportistas individuais.

Non poderán beneficiarse destas subvencións as entidades ou clubs deportivos e deportistas que teñen pendente de xustificar subvencións concedidas polo mesmo programa no ano 2014.

- Requisitos dos clubs deportivos
  - Carecer de fins de lucro (acreditarase cunha declaración responsable do solicitante).
  - Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
  - Estar inscritos no rexistro de asociacións deportivas da Dirección Xeral para o Deporte da Xunta de Galicia.



- Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.
- As entidades ou clubs deportivos cuxos primeiros equipos teñan subvención nominativa no orzamento da Deputación de Pontevedra para o ano 2015 non poderán presentar ningún proxecto relacionado co equipo subvencionado, aínda que si cos demais equipos que configuren a referida entidade.
- Requisitos dos deportistas
  - Ser natural da provincia de Pontevedra ou, de non o ser, presentar o certificado de empadramento con 5 anos de antigüidade ou máis.
  - Estar ó corrente coas obrigas tributarias da Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social.
  - Non estar incurso en ningún dos supostos de incapacidade ou incompatibilidade para a percepción de axudas ou subvencións públicas.

### SOLICITUDES E DOCUMENTACIÓN

Cada club ou deportista poderá formular unha única solicitude dunha actividade concreta. Esta realizarase nos modelos normalizados que se facilitarán no Rexistro xeral, no Servizo de Deportes ou na páxina web da institución provincial ([www.depo.es](http://www.depo.es)).

Ademais, achegarase a seguinte documentación:

- Para clubs deportivos
  - Fotocopia actualizada do CIF da entidade deportiva (con código electrónico).
  - Fotocopia actualizada do DNI do representante legal.
  - Orzamento detallado e totalizado (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) da actividade concreta, asinado polo representante.
  - Certificado orixinal da conta bancaria a nome do club ou copia cotexada.
  - Memoria explicativa da actividade concreta, debidamente asinada. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realizan ó longo de todo o ano; debe ser unha actividade concreta, da que se indicará o lugar e a data de realización.
  - Declaración xurada na que conste se se solicitaron outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade, certificación ou acreditación responsable



de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social; declaración de que a entidade non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas, e tamén de aceptar as bases da convocatoria (modelo 100.024).

- Certificado da federación galega correspondente no que se acredite a competición na que participan.
- Para deportistas individuais
  - Fotocopia cotexada do DNI do deportista
  - Fotocopia cotexada do DNI do representante legal, en caso de ser menor de idade
  - Orzamento detallado e totalizado (incluíndo as cantidades, os prezos unitarios e o IVE detallado) da actividade concreta, asinado polo deportista.
  - Memoria explicativa da actividade concreta, debidamente asinada. En ningún caso se subvencionarán as actividades que se realizan ó longo de todo o ano; debe ser unha actividade concreta, da que se indicará o lugar e a data da súa realización.
  - Certificado orixinal da conta bancaria ou copia cotexada a nome do deportista. No caso de ser menor de idade, o certificado orixinal da conta bancaria ou copia cotexada deberá estar a nome do seu representante legal.
  - Declaración xurada na que conste se se solicitaron outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade, certificación ou acreditación responsable de estar ó corrente das obrigas tributarias coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica e coa Seguridade Social; declaración de que o deportista non está incurso en causas de incapacidade ou incompatibilidade para percibir axudas ou subvencións públicas, e tamén de aceptar as bases da convocatoria (modelo 100.024).
  - Certificado da Federación á que pertenza o deportista no que se acredite a competición na que participa.

En caso de que a solicitude non reúna os datos esixidos ou calquera dos previstos no art. 70 da Lei 30/92, de 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común (LRXAP/PAC), requiriráselle ó interesado que nun prazo de 10 días hábiles emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, indicando que, en caso de non o facer, desestimarase a súa petición, arquivándose sen máis trámites.



Naqueles casos nos que, despois de lle requirir a documentación, sigan sen completala, archivarase a solicitude sen máis trámites.

### *LUGAR E PRAZO DE PRESENTACIÓN DE SOLICITUDES*

As solicitudes de subvención deberán presentarse no Rexistro xeral da Deputación, tanto en Pontevedra (avda. Montero Ríos, s/n, de luns a sábado) coma na súa sede de Vigo (rúa Oporto, 3, de luns a venres), ou a través das formas establecidas no artigo 38.4 da LRXAP/PAC. No caso de presentar a solicitude nunha oficina de Correos farase en sobre aberto para que as solicitudes sexan datadas e seladas polo funcionario correspondente.

O prazo de presentación de solicitudes remata o día 30 de abril de 2015.

### *VALORACIÓN E CONCESIÓN*

A concesión das subvencións realizarase en réxime de concorrencia competitiva.

A selección das peticións e a contía das subvencións determinaranse unha vez consideradas as actividades que se van realizar e ponderaranse as seguintes circunstancias:

- a) Memoria deportiva da actividade a subvencionar (ata 1 punto)
- b) Categoría na que participa (ata 5 puntos)
- c) Orzamento detallado dos gastos a subvencionar (ata 4 puntos)

As propostas de concesión de subvención someteranse á aprobación do órgano de goberno competente.

A concesión destas subvencións é compatible con outras que se reciban para o mesmo fin, tendo en conta que o conxunto de todas elas en ningún caso poderá superar o 100 % do orzamento que presente o club ou deportista.

### *PROCEDEMENTO DE CONCESIÓN*

A instrución do procedemento de concesión de subvención correspóndelle ó xefe do Servizo de Deportes, que realizará de oficio todas as actuacións que estime necesarias para a súa determinación, coñecemento e comprobación dos datos en virtude dos cales debe formularse a proposta de resolución, de conformidade co artigo 24 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS).



As solicitudes de subvención serán avaliadas segundo os criterios sinalados antes pola Comisión de valoración, órgano colexiado composto por:

- Presidenta: a deputada-presidenta da Comisión de Deportes
- Vogais:
  - o xefe do Servizo de Deportes
  - o xefe de negociado do Servizo de Deportes
- Secretaria: unha funcionaria do Servizo de Deportes

O procedemento ordinario de concesión das subvencións é o de concorrencia competitiva. Non obstante, ó longo do exercicio orzamentario poderanse resolver as solicitudes que, por circunstancias novas ou por causas imprevisibles e excepcionais, non se puidesen presentar no prazo sinalado, polo que non procedería a convocatoria pública, reservando para estes efectos a Presidencia ata un 20 % do crédito total destes programas para a súa concesión directa, tal como se establece na base 25.2 de execución do vixente Orzamento provincial.

As propostas de concesión de subvención someteranse á aprobación do órgano competente.

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme ó previsto no art. 58 da LRXAP/PAC.

Logo de transcorridos seis meses a partir do día seguinte á finalización do prazo de presentación da solicitude, sen notificarse a resolución, os interesados quedarán lexitimados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

### *MODIFICACIÓN DA RESOLUCIÓN*

Tal como se establece no artigo 64 do Regulamento da LXS (R. d. 887/2006, de 21 de xullo), unha vez notificada a resolución de concesión, despois de presentar unha solicitude razoada, o beneficiario da subvención poderá solicitar a modificación do seu contido sempre que se manteña a finalidade da axuda, que poderá autorizarse sempre que non se danen dereitos a terceiros.

Esta solicitude de modificación deberá presentarse no prazo dun mes desde a notificación da concesión e será obxecto de resolución da Presidencia, logo da proposta da Comisión avaliadora que deberá ter en conta as seguintes circunstancias:



- Se o orzamento da nova actividade é superior ou igual ó subvencionado inicialmente, manteranse as condicións da subvención concedida en canto ó importe da subvención e orzamento subvencionado
- Se o orzamento da nova actividade é inferior ó subvencionado inicialmente, a Comisión avaliadora, logo do informe previo do Servizo de Deportes, deberá determinar o novo importe da subvención e o novo orzamento subvencionado, que serán inferiores ós inicialmente establecidos

### XUSTIFICACIÓN

O prazo de xustificación da subvención concedida será de 3 meses desde a notificación da subvención, para as actividades que xa foron realizadas e, no resto dos casos, o prazo será de 3 meses desde o momento en que se realice a actividade.

Para cobrar as subvencións deberán presentar a seguinte documentación:

- a) Facturas ou documentos análogos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo, orixinais ou copias cotexadas, polo importe da subvención concedida. En cada factura indicarse o número de unidades, prezos unitarios destas e mais o custo total de cada unidade.

As facturas presentadas para xustificar as subvencións que sexan de data posterior á finalización do prazo de xustificación en ningún caso terán carácter de gasto subvencionable.

- b) Conta xustificativa dos gastos, na que se determinará o custo total da finalidade subvencionada, detallando as facturas ou documentos con valor probatorio no ámbito mercantil e administrativo e na que se poña de manifesto que os gastos que nela figuran se aplicaron á finalidade para a que foi concedida a axuda.
- c) Os gastos xustificados deberán axustarse no posible ós conceptos incluídos no orzamento inicial, e non se aboará máis que o importe xustificado co límite da subvención concedida.
- d) Os gastos que figuren na conta xustificativa aboaránselles ós beneficiarios preferiblemente antes da presentación da xustificación da subvención, pero, en todo caso, no prazo máximo dun mes desde a percepción dos fondos. O gasto non pagado ou fóra deste prazo non se considerará subvencionable.
- e) Declaración responsable de que si/non se recibiron outras subvencións de administracións públicas ou entidades privadas para a finalidade subvencionada.



- f) Memoria xustificativa na que se indique a actividade realizada e os resultados obtidos.
- g) Para cobrar a axuda concedida as entidades deberán estar ó corrente das súas obrigas fiscais coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda Autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación, situación que determinará de oficio a propia institución.

### PAGAMENTO

Para o pagamento da subvención terase en conta o seguinte:

- No caso de que se xustifiquen gastos polo 100 % do orzamento subvencionado aboarase a totalidade da subvención
- No caso de que se xustifiquen gastos inferiores ó 100 % aboarase a parte proporcional da subvención, que non será aplicable cando esta sexa de importe inferior a seiscentos (600,00) euros

O pagamento efectuarase por transferencia á conta bancaria indicada polo perceptor.

### INCUMPRIMENTO

Unha vez vencido o prazo de xustificación sinalado na base 8 ou, no seu caso, o establecido na prórroga sen que a entidade beneficiaria ou o deportista presentase a documentación xustificativa, o Servizo de Deportes requiriralle que o faga no prazo improrrogable de quince días.

A falta de presentación da documentación neste prazo suporá a perda da subvención e demais responsabilidades previstas na LXS.

### DEVOLUCIÓN E REINTEGRO

As subvencións concedidas deberán devolverse ou reintegrarse nos seguintes casos:

- a) Por obtelas falseando as condicións requiridas
- b) Por non aplicalas ós fins para os que foron concedidas
- c) Por incumprir o beneficiario as obrigas asumidas e as condicións fixadas nestas bases





### ÓRGANO DE APROBACIÓN

De acordo co establecido na base 16.2 das de execución do Orzamento para o ano 2015 e cumprindo o establecido no artigo 18 da LXS, o órgano competente para a aprobación destas bases é a Xunta de Goberno.

### XURISDICIÓN APLICABLE

A resolución do procedemento notificaráselles ós interesados conforme ó previsto no art. 58 da LRXAP/PAC.

Unha vez transcorridos seis meses, contados desde o día seguinte ó do remate do prazo de presentación da solicitude, sen notificarse a resolución os interesados quedarán lexitimados para entender como desestimada por silencio administrativo a solicitude de subvención.

Contra estas bases e as resolucións administrativas que se adopten na súa execución poderá interpoñerse, no prazo dun mes, un recurso de reposición perante o órgano que a ditou e entenderase como desestimado se transcorre este período sen que se reciba contestación. Neste caso poderá interpoñerse un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, como se prevé no artigo 8 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, da xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses. Contra esta resolución tamén se poderá interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo indicado.

En todos os casos os prazos contarase a partir do día seguinte ó da recepción da correspondente notificación, ou da data na que o recurso de reposición se entenda desestimado.

### DEREITO SUPLETORIO

Para o non disposto nestas bases aplicaranse as normas incluídas nas bases de execución do Orzamento xeral da Deputación de Pontevedra para o exercicio 2015, na LXS, e na demais lexislación de desenvolvemento.





Deputación  
Pontevedra  
Deportes

## SOLICITUDE DE SUBVENCIÓN A ENTIDADES DEPORTIVAS E DEPORTISTAS INDIVIDUAIS PARA A REALIZACIÓN DE COMPETICIÓN DEPORTIVAS FEDERADAS CON CARÁCTER EXTRAORDINARIO DURANTE O ANO 2015

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R.d. 1722/2007 de protección de datos de carácter persoal podendo ser incorporados a ficheiros da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios a sua disposición en www.depo.es

### 1. DATOS DO SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> Entidades deportivas		<input type="checkbox"/> Deportista individual	
Nome:		CIF/DNI:	
Nome do representante (só cubrir no caso do que o deportista sexa menor do idade):		DNI:	
Correo-e:	Tel. 1:	Tel. 2:	Fax:
ENDEREZO			
Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:
Provincia:		Localidade:	C. p.:
Piso:		Porta:	

### 2. SOLICITUDE

Obxecto da subvención:	
Orzamento	Custo total: euros
Modalidade deportiva:	
Categoría na que participa:	
O IVE desta actividade é deducible (en caso de non responder, o IVE non será subvencionable) <input type="checkbox"/> Si <input type="checkbox"/> Non	

### 3. DOCUMENTACIÓN

- Fotocopia cotexada do CIF do club deportivo
- Fotocopia cotexada do DNI do representante
- Fotocopia cotexada do DNI do deportista individual e, se é menor, do seu representante
- Memoria explicativa da actividade a subvencionar
- Orzamento da actividade, debidamente detallado, asinado polo solicitante
- Certificado da federación no que se acredite a competencia á que asiste
- Certificación da conta bancaria
- Cando o gasto supere o importe de 900,00 € o pago a terceiros deberá efectuarse mediante transferencia, talón nominativo, tarxeta de débito ou crédito ou calquera outra forma na que quede constancia do beneficiario, do importe e da data do pago
- Declaración responsable (modelo 100.024)

Lugar e data:	Asido: o solicitante
de ..... de 20.....	

Pazo Deputación Provincial, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Tel.: +34 986 804 100. Fax: +34 986 804 176, deportes@depo.es

Mod. 340.013





## DECLARACIÓN RESPONSABLE

### DATOS DO SOLICITANTE

Nome e apelidos:		En calidade de:	
Entidade/asociación/club:		DNI/CIF:	
Correo-e:	Tel.º:	Tel.º:	Fax:

### ENDEREZO

Tipo de vía:	Nome da vía:	Núm.:	Portal:	Piso:	Porta:
Provincia:		Localidade:		C. p.:	

### DECLARO

- a. Que esta entidade/asociación/club carece de fins de lucro  
 b. Que esta entidade/asociación/club (marcar cun X unha das opcións)

- Non se lle concederon outras axudas ou subvencións coa mesma finalidade  
 Si solicitou ou se lle concederon, procedentes de organismos públicos ou entidades privadas, as seguintes axudas ou subvencións:

Relación de axudas solicitadas		euros
		euros
		euros
Relación de axudas concedidas		euros
		euros
		euros

Así mesmo, esta entidade/asociación/club asume o compromiso de comunicar as que se obteñan nun futuro

c. Esta entidade/asociación/club non está incurso en causas de prohibición para percibir axudas ou subvencións públicas e coñezo e acepto as bases da convocatoria, asumindo o compromiso de cumprir as condicións da subvención

d. Esta entidade/asociación/club está ó corrente coas súas obrigas tributarias (co Estado e coa Comunidade Autónoma), coa Seguridade Social e non ten débedas de ningún tipo coa Deputación

- Ó mesmo tempo autorizo a institución provincial a obter as certificacións de Axencia Estatal da Administración Tributaria, da Comunidade Autónoma e da Tesourería da Seguridade Social

E para que así conste, para os efectos da concesión da axuda, subscribo esta certificación.

No apartado b indicar a porcentaxe de gastos e no c indicar os ingresos

Lugar e data:	Assinado solicitante
de	20

Pazo da Deputación, avda. Montero Ríos, s/n, 36071 Pontevedra. Teléfono: +34 986 804 100. Fax: +34 886 210 726, info@depo.es - www.depo.es

Mod. 100-024

Os seus datos serán tratados segundo o disposto na Lei orgánica 15/1999 e no R.d. 1720/2007 de protección de datos de carácter persoal, podendo ser incorporados á base de datos da Deputación de Pontevedra relacionados con este trámite. En calquera momento poderá exercer os dereitos de acceso, cancelación, rectificación ou oposición nos termos establecidos na lei no seguinte enderezo: Avda. Montero Ríos, s/n. Para estes trámites existen formularios á súa disposición en www.depo.es

Código seguro de verificación: D4K6R6JFRZ28R9HU

